

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	Debuxo técnico II	CURSO	2º Bacharelato
CURSO ACADÉMICO	2017-18	PROFESOR	Antonio García Pereira

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1 (Xeometría e debuxo técnico)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1 Resolución de problemas xeométricos.	B1.1.4 Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
B1.2 Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións.	B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.
B1.3 Construción de figuras planas equivalentes.	B1.1.4 Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
B1.4 Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz.	B1.1.4 Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
B1.5 Aplicacións.	B1.1.4 Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analogía noutros problemas máis sinxelos.
B1.6 Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias.	B1.1.2 Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. B1.1.5 Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
B1.7 Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias.	B1.1.2 Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. B1.1.3 Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos.

B1.8 Transformacións xeométricas. Aplicacións.	B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.
B1.9 Trazado de curvas cónicas e técnicas.	B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
B1.10 Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola.	B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
B1.11 Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes.	
B1.12 Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións.	B1.2.2 Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
B1.13 Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións.	B1.2.3 Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.
	B1.3.2 Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
B1.14 Afinidade. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras afíns. Construción da elipse afín a unha circunferencia.	B1.3.2 Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
B1.15 Trazado de figuras planas complexas utilizando escalas e construcións auxiliares axeitadas.	B1.3.3 Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2 (Sistemas de representación)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1 Punto, recta e plano no sistema diédrico.	B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.
B2.2 Resolución de problemas de pertenza, incidencia, paralelismo e perpendicularidade.	B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.



B2.3 Determinación da verdadeira magnitude de segmentos e formas planas.	B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.
B2.4 Construción de figuras planas no sistema diédrico.	B2.1.2 Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.
B2.5 Abatemento de planos. Determinación dos seus elementos. Aplicacións.	B2.1.3 Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
B2.6 Xiro dun corpo xeométrico. Aplicacións.	B2.1.3 Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
B2.7 Cambios de plano. Determinación das novas proxeccións. Aplicacións.	B2.1.3 Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
B2.8 Afinidade entre proxeccións.	B2.1.3 Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
B2.9 Problema inverso ao abatemento.	B2.1.3 Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.
B2.10 Corpos xeométricos no sistema diédrico.	B2.1.4 Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
B2.11 Representación de poliedros regulares. Posicións singulares.	B2.1.4 Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
B2.12 Determinación das súas seccións principais.	B2.1.4 Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.

B2.13 Representación de prismas e pirámides.	B2.1.4 Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.
B2.14 Representación de cilindros, conos e esferas. Seccións planas.	B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.
B2.15 Determinación de seccións planas e elaboración de desenvolvementos.	B2.2.2 Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.
B2.16 Interseccións.	B2.2.3 Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.
B2.17 Xiros, abatements ou cambios de plano para determinar a verdadeira magnitude de elementos de pezas tridimensionais.	B2.2.4 Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.
B2.18 Sistemas axonométricos ortogonais.	B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
B2.19 Posición do triedro fundamental.	B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
B2.20 Relación entre o triángulo de trazas e os eixes do sistema.	B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
B2.21 Determinación de coeficientes de redución.	B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
B2.22 Tipoloxía das axonometrías ortogonais. Vantaxes e inconvenientes.	B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.
B2.23 Representación de figuras planas.	B2.3.2 Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
B2.24 Representación simplificada da circunferencia.	B2.3.2 Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.



B2.25 Representación de corpos xeométricos e espazos arquitectónicos. Seccións planas. Interseccións.	B2.3.2 Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
	B2.3.3 Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3 (Documentación gráfica de proxectos)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1 Elaboración de bosquexos, esbozos e planos.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.2 Proceso de deseño ou fabricación: perspectiva histórica e situación actual.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.3 Proxecto: tipos e elementos.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.4 Planificación de proxectos.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.5 Identificación das fases dun proxecto. Programación de tarefas.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.6 Elaboración das primeiras ideas.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.7 Tipos de planos: de situación, de conxunto, de montaxe, de instalación, de detalle, de fabricación ou de construción.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.8 Presentación de proxectos.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.

B3.9 Elaboración da documentación gráfica dun proxecto gráfico, industrial ou arquitectónico sinxelo.	B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.
B3.10 Debuxo de bosquexos a man alzada e esquemas.	B3.1.3 Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.
B3.11 Elaboración de debuxos cotados.	B3.1.3 Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.
B3.12 Elaboración de esbozos de pezas e conxuntos.	B3.1.4 Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.
B3.13 Posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao deseño, á edición, ao arquivamento e á presentación de proxectos.	B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.
B3.14 Debuxo vectorial 2D. Debuxo e edición de entidades. Creación de bloques. Visibilidade de capas.	B3.2.2 Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.
B3.15 Debuxo vectorial 3D. Inserción e edición de sólidos. Galerías e bibliotecas de modelos. Incorporación de texturas.	B3.2.3 Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.
B3.16 Selección do encadramento, a iluminación e o punto de vista.	B3.2.3 Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.
B3.17 Resolución de exercicios de debuxo técnico utilizando recursos informáticos.	B3.2.4 Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicaís e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.

B1.3. Relacionar as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e a exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.

B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.

B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.

B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.

B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquexos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para establecer a cualificación numérica de cada alumno/a terase en conta dúas partes diferenciadas: unha parte practica de carácter voluntario, utilizando para elo como procedemento de avaliación a valoración de exercicios de debuxo técnico (Láminas); e outra parte teórica e obrigatoria, que utilizará como procedemento de avaliación a realización de probas escritas consistentes na resolución de casos prácticos debuxo técnico.

Na parte teórica realizaranse como mínimo dúas probas obrigatorias por trimestre: unha primeira proba parcial, cos contidos impartidos na avaliación en curso hasta a data da proba, e unha segunda proba trimestral, con tódolos contidos da avaliación en curso, incluídos os da proba parcial. Ambas probas constarán de 4 preguntas, valoradas en 2'5 puntos cada unha delas. Se fora preciso, ámbalas dúas probas terán a súa correspondente proba voluntaria de recuperación.

En caso de falta de asistencia o día dunha proba obrigatoria, haberá que presentar a pertinente xustificación para realizar o mesmo fora da data establecida. En caso contrario a proba será cualificada con 0 puntos.

Na parte práctica das láminas, cada unha delas valorarase cunha puntuación de 0 a 10, dos cales 9 puntos corresponderán á resolución e o trazado e 1 punto á presentación e a limpeza. As láminas non

entregadas obterán unha cualificación de 0 puntos. Tamén se terá en conta a súa data de entrega, restándose 0'25 puntos da nota de cada lámina por cada sesión que supere a data límite de entrega, a cal se establecerá na primeira sesión posterior ós 6 días naturais despois de finalizar a súa explicación na aula. Non se contará como retraso os días de ausencia xustificadas, sempre que se presente a correspondente xustificación dentro dos 7 días naturais posteriores a falta de asistencia. Cando o/a alumno/o falte máis dun día pola mesma causa, a xustificación deberá presentarse dentro dos 7 días naturais posteriores ó último día con falta de asistencia. Se o sétimo día cadra en día non lectivo, a xustificación deberá presentarse no primeiro día lectivo posterior. Tampouco se contará como retraso os días nos que o/a alumno/a acuda a actividades extraescolares ou complementarias, nin os días nos que a actividade lectiva normal sexa suspendida.

A nota de cada alumno/a na parte práctica de cada avaliación corresponderá coa nota media de tódalas láminas propostas durante a mesma. Cando un/unha alumno/a falte de forma xustificada a unha ou varias sesións, quedará exento/a de entregar a parte da lámina ou láminas que se realicen durante o tempo que falten con xustificación. Non sucederá así cando a falta non sexa xustificada, debendo entregar os/as alumnos/as o traballo realizado durante a súa ausencia inxustificada. As láminas entregadas incompletas por falta xustificada do/a alumno/a non se puntuarán. Non obstante, en cada avaliación avaliaranse como mínimo a metade das láminas propostas, polo que se un/unha alumno/a falta moito, aínda que se sexa xustificadamente, terá que acreditar igualmente ese número mínimo de láminas.

PROMOCIÓN

En cada unha das avaliación establecerase á seguinte distribución de porcentaxes para establecer a cualificación numérica do/a alumno/a: a proba parcial suporá o 36% da cualificación, á proba trimestral corresponderalle o 54%, mentres que o 10% restante será para a parte práctica das láminas de debuxo. Nas actas de avaliación, o redondeo das cualificacións realizaranse do seguinte xeito:

As cualificacións comprendidas entre...	redondearanse a ...
0'00 e 0'74	0
0'75 e 1'74	1
1'75 e 2'74	2
2'75 e 3'74	3
3'75 e 4'74	4
4'75 e 5'74	5
5'75 e 6'74	6
6'75 e 7'74	7
7'75 e 8'74	8
8'75 e 9'49	9
A partir do 9'5	10

Para obter a cualificación da avaliación final ordinaria do curso no mes de xuño realizarase a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das tres avaliación, independentemente do redondeo. Isto quere dicir que, se un/unha alumno/a acada nunha avaliación unha cualificación de 4'75, esta será a nota que contará para a media aritmética final, aínda que na acta de avaliación esa cualificación sexa redondeada a 5.

Para superar a avaliación ordinaria do mes de xuño será necesario acadar un mínimo de 3 puntos en cada una das tres avaliación. En caso contrario, o/a alumno/a terá que presentarse a convocatoria extraordinaria do mes de setembro, aínda que a media aritmética das tres avaliacións sexa superior a 5 puntos. O igual que no parágrafo anterior, hai que diferenciar entre a cualificación dunha avaliación e o seu redondeo: un/unha alumno/a que teña nunha avaliación unha cualificación de 2'75, aínda que esta fose redondeada a 3 na acta de avaliación, a súa cualificación para a media aritmética de xuño será de 2'75, e polo tanto non superaría a avaliación final ordinaria.



Unha vez establecida a media aritmética das tres avaliacións, a cualificación final ordinaria do mes de xuño será redondeada na acta da avaliación segundo a táboa anterior.

A proba da avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba escrita consistente na resolución de casos prácticos debuxo técnico. Esta proba constará de 5 preguntas, valoradas en 2 puntos cada unha delas.

A suma das puntuación de cada unha das cinco preguntas da proba extraordinaria será redondeada na acta da avaliación segundo a táboa anterior.

Se o/a alumno/a non se presenta será cualificado/a como NP (Non presentado/a) e non superará a materia.

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.